



# BOP

30 DE NOVIEMBRE DE 2009

Nº 275

## DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

##### Departamento Territorial

Resolución do 5 de novembro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Lugo. (Nº expte: IN407A 2009/61-2-7525-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: Begasa.
- Domicilio social: R/. Cidade de Viveiro, 4, 27002, Lugo.
- Denominación: LMTS PROVISIONAL A CT ALVARO E CT SAN FIZ.
- Situación: Concello de Lugo.
- Características técnicas:
  - LMTS a 20 kv, con orixe no centro de reparto denominado Mercedes (existente), entra e sae no CT Álvaro (proxectado) e remata no CT San Fiz (proxectado), cunha lonxitude de 1.280 metros de conductor proxectado tipo RHZ-240.
  - CT Álvaro compacto de manobra exterior, cunha potencia proxectada de 630 kva, relación de transformación 20.000/400-230V.
  - CT San Fiz prefabricado soterrado, cunha potencia proxectada de 630 kva, relación de transformación 20.000/400-230V.
  - RBT aérea e soterrada, con orixe nos CTs proxectados e final nas RBTs existentes, en conductores tipo RZ e RV.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condi-

cións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 5 de novembro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 06358

Resolución do 4 de novembro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Burela. (Nº expte: IN407A 2008/214-2-7375-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: Begasa.
- Domicilio social: R/. Cidade de Viveiro, 4, 27002, Lugo.
- Denominación: Adecuación do CTC 01096 vivendas San Lázaro e RBTS para suministro eléctrico en R/. San Lázaro, 2.
- Situación: Concello de Burela.
- Características técnicas:
  - Adecuación do CTC existente 01096 vivendas San Lázaro, no cal se instalan dous novos transformadores de 630 kva, dúas celdas de liña e dúas de protección, novos cadros de baixa tensión para dispor unha nova saída á que conectar a rede de baixa tensión soterrada, o CT responderá a unha potencia máxima admisible de 1.260 kva.
  - RBTS con orixe no centro de transformación existente 01096 vivendas San Lázaro e final no edificio a electrificar sito na C/. San Lázaro, 2, en conductor tipo RV-240 e RV-150.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de

decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 4 de novembro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 06359

Resolución do 4 de novembro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Foz. (Nº expte: IN407A 2009/52-2-7437-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: Begasa.
- Domicilio social: R/. Cidade de Viveiro, 4, 27002, Lugo.
- Denominación: LMTS, CT LIMOEIROS E RBTS PARA ALIMENTAR A URBANIZACIÓN OS LIMOEIROS.
- Situación: Concello de Foz.
- Características técnicas:
  - LMTS a 20 kv, consistente en anelar o CT proxectado Os Limoeiros, entre o CT G La Paz e o CT Rifer 2, substitúese tamén o conductor existente entre o CT Pena de Altar e CT Grupo La Paz, cunha lonxitude total de 880 metros de conductor proxectado tipo RHZ-240.
  - CT Os Limoeiros en edificio non prefabricado, cunha potencia proxectada de 2x630 kva, e relación de transformación 20.000/400-230V.
  - RBT soterrada, con orixe no CT proxectado Os Limoeiros e final nas CXP,s de cada un dos portais, en conductor tipo RV-240 e RV-150, cunha lonxitude total de 640 metros.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 4 de novembro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 06360

Resolución do 29 de outubro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Begonte. (Nº expte: IN407A 2008/188-2-7338-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: Begasa.
- Domicilio social: R/. Cidade de Viveiro, 4, 27002, Lugo.
- Denominación: Reelectrificación en Begonte CTC 01498 Grupo Escolar Begonte.
- Situación: Concello de Begonte.
- Características técnicas:
  - LMT soterrada a 20 kv, con orixe nun apoio proxectado a instalar na LMT existente Baamonde procedente da subestación de Setepones, e final no CT prefabricado a instalar, cunha lonxitude de 210 metros en conductor tipo RHZ-240; a realización desta liña leva consigo a desmontaxe da LMT aérea que alimenta na actualidade o CTI Baamonde.
  - CT prefabricado cunha potencia proxectada de 630 kva e unha potencia inicial de 250 kva, no cal se instala unha celda de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230-V.
  - RBT soterrada baixo tubo con orixe no CT proxectado, formada por tres circuitos en conductor tipo RV.
  - RBT aérea tensada sobre apoios de formigón e grapa sobre fachada, en conductor tipo RZ.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades

de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalación de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 29 de outubro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 06361

Resolución do 13 de outubro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica do Concello de A Fonsagrada. (Expediente IN407A 2008/218-2-7148-AT).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: Begasa.
- Domicilio social: R/. Cidade de Viveiro, 4, 27002, Lugo.
- Denominación: RBT Vilapiñol.
- Situación: Concello de A Fonsagrada.
- Características técnicas:
- RBT aérea con orixe no CTC Padrón e final en Vila-piñol, cunha lonxitude de 2.206 metros en conductor tipo RZ-95 tensado sobre apoios de formigón e de madeira.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 13 de outubro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 06362

Resolución do 26 de outubro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Castro de Rei. (Nº expte: IN407A 2008/198-2-7376-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: Begasa.
- Domicilio social: R/. Cidade de Viveiro, 4, 27002, Lugo.
- Denominación: Colocación de centro de seccionamento e apoio baixo a LMTA 20 kv Villalba.
- Situación: Concello de Castro de Rei.
- Características técnicas:
- Colocación na LMT sub Meira-Villalba dun apoio metálico C-2000/14, no cal se realiza un paso aéreo a soterrado para conexión con centro de seccionamento, esta liña de unión está composta por dous circuitos de 25 metros cada un en conductor tipo RHZ1-150.
- Centro de seccionamento prefabricado de manobra exterior, situado a pé de poste, no cal se instalan dúas celdas de liña e unha de seccionamento para futura conexión de liña particular pertencente a AGROAMB, S.L.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 26 de outubro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 06364

Resolución do 28 de outubro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica do Concello de Foz. (Expediente IN407A 2008/224-2-7349-AT).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: Begasa.

- Domicilio social: R/. Cidade de Viveiro, 4, 27002, Lugo.

- Denominación: LMTS e reforma CT As Torres.

- Situación: Concello de Foz.

- Características técnicas:

- LMTS a 20 kv en dobre circuito, consistente en anelar o CT As Torres entre o CT Vega e o CT Corporacións, cunha lonxitude de 410 metros de conductor tipo RHZ1-240.

- Reforma do CT As Torres consistente na desmontaxe de embarrados, aparatamenta, ferraxes e mamparas e na adecuación do CT para instalar dúas celdas de liña e dúas de protección, cunha potencia proxectada de 2 x 630 kva e unha potencia inicial de 400 kva, relación de transformación 20.000/400-230V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 28 de outubro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 06365

Resolución do 13 de novembro de 2009 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica do Concello de Barreiros. (Expediente IN407A 2009/119-2-7517-AT).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: Compacta Grupo Inmobiliario, S.A.

- Domicilio social: Amio (Pol. Ind. Costa Vella), 130, 15707, Santiago de Compostela.

- Denominación: LMTS. DE 20 KV, CENTRO DE SECCIONAMIENTO PFU-5 (CAMBIO DO CT SAN PEDRO), CT PREFABRICADO DE 630 COMPACTO E ACOMETIDA RBT A OITENTA VIVENDAS.

- Situación: Concello de Barreiros.

- Características técnicas:

- LMT soterrada a 20 Kv, con orixe no apoio intercalado entre os apoios nº 33 e nº 32 da LMT subestación de Foz - Ribadeo e final no centro de seccionamento e CT San Pedro, cunha lonxitude 20 metros en conductor tipo RHZ1-240.

- LMT soterrada a 20 Kv, con orixe nunha celda ubicada no CS San Pedro e final no CT edificio de ochenta vivendas (COMPACTA), cunha lonxitude 465 metros en conductor tipo RHZ1-240.

- Centro de seccionamiento e CT San Pedro prefabricado tipo PFU-5 cunha potencia máxima de 630KVA, no cal se instalan dúas celdas de liña, unha de disuntor e unha de protección de transformador, instalase nun prin-

cipio o transformador existente na caseta a desmontar, cunha potencia de 100 KVA cunha relación de transformación de 20.000/420-230V.

- CT ochenta vivendas (COMPACTA), tipo miniblock cunha potencia de 630 KVA e relación de transformación 20.000/420-230V.

- RBT aérea con orixe no CT ochenta vivendas (COMPACTA) e final nas CXP's dos edificios a electrificar, cunha lonxitude de 100 metros en conductor tipo RZ-150.

- Conexión coa RBT existente do CT San Pedro en conductor RV-150.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste Departamento Territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 13 de novembro de 2009.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 06431

—  
**Consellería de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestructuras**

AUGAS DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

*Información pública*

*Anuncio*

CLAVE: DH.W27.05486.

D. Noel Cortón Teijo, con DNI 34.636.506R, e con enderezo en Abaira, 27765 Trabada Lugo.

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de legalización dun cerramento da finca nº 859 do polígono. 4 do catastro na zona de afección do río Cainzos no lugar de A Madanela da parroquia de Vilaframil do Concello de Ribadeo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70-2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 13 de novembro de 2009.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 06366

—  
*Información pública*

*Anuncio*

CLAVE: DH.W27.05489.

D. Jorge Rodríguez Vázquez, con DNI 33.671.455F, e con enderezo en Porto do Rego, 5-Viveiró, 27837 Muras Lugo.

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de protección do manantial Fonte do Chao no lugar de Porto do Rego da parroquia de Viveiró do Concello de Muras (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70-2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 13 de novembro de 2009.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 06367

## Excma. Deputación Provincial

### Anuncio

Aprobada definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Boletín Oficial da Provincia, e de conformidade co sinalado no artigo 17 da Lei de Facendas Locais, e 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o texto íntegro no seguinte sentido:

NOVA REDACCIÓN DOS ARTIGO 6, 9 e 10 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.

“...

Artigo 6.- Tarifas.

1.- Suscripción:

1.1.- Ao ano, 34,67 euros.

1.2.- Ao semestre, 23,12 euros.

1.3.- Os municipios da provincia recibirán gratuitamente unha suscripción

2.- Venda de exemplares soltos correspondentes aos últimos doce meses.

2.1.- Por cada exemplar de ata 8 páxinas, 0,58 euros.

2.2.- Por cada exemplar de máis de 8 páxinas e ata 12 páxinas, 0,87 euros.

2.3.- Por cada exemplar de máis de 12 páxinas, 1,30 euros.

2.4.- Venda de exemplares soltos correspondentes a outras datas:

Aplicarase a tarifa anterior cun recargo do 50% por cada ano de antigüidade.

3.- Anuncios e outras insercións:

3.1.- Por cada palabra ou números, 0,13 euros.

3.2.- Nas insercións con carácter de urxencia, o importe será o dobre que para o de insercións normais.

3.3.- A tarifa incrementarase nun 50%, nos casos nos que os textos a publicar non se entreguen ou envíen en soportes e programas informáticos compatibles coas disponibilidades técnicas do servizo, sen prexuízo da esixencia dos requisitos que establece o artigo 9.- para os textos sen soporte informático.

A tal efecto, e sen prexuízo de que por resolución da Presidencia seña obxecto de ampliación, enténdense como textos en soportes e programas informáticos compatibles os establecidos no artigo 10.-.

3.5.- Importe mínimo da publicación, 5,17 euros.

En todo caso repercutiranse, co carácter e natureza xurídica de taxa, os gastos de envío que resulten en cada suposto.

Os importes reflectidos nestas tarifas non inclúen o IVE que no seu caso corresponda.

...”

Artigo 9.- Textos sin soporte informático.

Os orixinais destinados á publicación no Boletín Oficial da Provincia deberán publicarse mecanografiados, fotocopiados ou impresos por calquera procedemento mecánico ou químico de forma clara, a unha soa cara, en follas de papel branco, debéndose axustar ás seguintes características xerais:

- O documento será orixinal.

- Aqueles documentos, ou parte deles, que non sexan puramente texto seguido, senon distribuído en táboas, e dúas ou máis columnas, formularios, gráficos, planos ou calquera outro tipo de representación análoga; disporanse como anexo ao final do texto disposto na forma seguinte:

a) O documento será orixinal.

b) Os contidos axustaranse como máximo a 18x26, 25 cm.

c) A paxinación, situarase fóra do contido.

d) Os planos, gráficos, debuxos, etc., ofrecerán calidade nos seus trazos e limpeza nos seus fondos, evitando sinaturas e selos que dificulten a lectura óptica dos mesmos.

En calquera caso deberase consultar antes coa Administración do Boletín, para facilitar a súa presentación.

Artigo 10.- Textos en soportes e programas informáticos compatibles.

Primeiro.-

Cando os textos sexan presentados baixo soporte informático, deberán atermos ás seguintes características:

1.- O soporte informático será CD-ROM, DVD ou memoria USB debidamente etiquetada. Os datos a reseñar na etiqueta serán os seguintes: Remitente, identificación e nome do ficheiro que contén o anuncio. Cada anuncio debe ir acompañado do soporte informático elixido. Un

mismo soporte poderá conter os textos de varios anuncios, estando cada un deles en ficheiros distintos e sempre e cando os citados anuncios foran enviados todos xuntos en formato de papel. En caso de limitación de espazo na etiqueta, deberanse identificar tódolos ficheiros en folia ou follas aparte.

2.- A codificación dos ficheiros deberá realizarse en formato word.

3.- Os soportes informáticos serán verificados para comprobar a veracidade dos seguintes datos:

- Que os ficheiros reseñados na etiqueta ou follas anexas son correctos.
- Que os ficheiros conteñen os textos íntegros.
- Que os discos non están contaminados con virus.
- Que a etiqueta é correcta e que as referencias reflicten exactamente o contido do soporte informático.

Segundo.-

Os anuncios poderanse enviar a través do correo electrónico cumprindo os mesmos requisitos de formato que establece o apartado primeiro deste artigo. Ademais no caso de utilizar este medio electrónico deberase indicar no oficio (formato papel), a dirección do remitente e a data de envío do correo.

No campo "asunto" do correo incluírase o resumo do contido do anuncio e no campo "adxuntar" o nome do ficheiro achegado.

A dirección do correo electrónico de recepción dos anuncios será fixada por resolución da Presidencia.

Disposición final.

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia".

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte de novembro de dous mil nove.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 06345

—

**Administración General del Estado**  
**SUBDELEGACION DEL GOBIERNO EN LUGO**

Oficina de Extranjeros

En el expediente sancionador instruido por la Comisaría de Policía Nacional de LUGO al nacional de Gambia Sr. Birame Diallo, el Subdelegado del Gobierno ha dictado la siguiente resolución, con base a los hechos que a continuación se relacionan:

1º) Que con fecha 18 de diciembre de 2008 este Organismo dictó resolución por la que se decretaba la expulsión del Sr. BIRAME DIALLO, como consecuencia de

infracción tipificada en el art. 53.a) de L.O. 4/2000 de 11 de enero, por encontrarse en situación irregular en el territorio español.

2º) Que al día de hoy no consta su notificación.

3º) Que ha transcurrido el plazo máximo para su notificación, en virtud del art. 112 del RD 2.393/04 de 30 de diciembre, por lo que se declara CONCLUSO el procedimiento.

Como quiera que la notificación de dicha resolución no ha podido ser practicada, se procede a su notificación según lo previsto en el art. 59.4 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4 de 13 de enero de 1999, BOE 14 de enero de 1999.

El correspondiente expediente figura a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Oficina de Extranjeros de esta Subdelegación del Gobierno, C/. Río Neira- nº 18-21.

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe.

R. 06372

—

En expediente de solicitud de revocación de expulsión de la súbdita brasileña LUCIANA B. PACIENCIA MIRANDA, ha recaído resolución de fecha 01-10-2009 inadmitiendo a trámite dicha solicitud.

Como quiera que la notificación de dicha resolución no ha podido ser practicada, se procede a su notificación según lo previsto en el art. 59.4 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4 de 13 de enero de 1999, BOE 14 de enero de 1999.

Contra la presente resolución que pone fin a la vía administrativa cabe interponer potestativamente recurso de reposición, ante este Organismo, en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente al de la notificación de la presente resolución. Para el caso de que no hiciera uso de este derecho, puede interponer en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente a la notificación recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Lugo, o bien ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo del domicilio del demandante, a elección de éste, de acuerdo con lo dispuesto en los art. 14 y 46 de la Ley 29/1998 (BOE de 14 de julio), con independencia de cualquier otro recurso que considere procedente interponer.

El correspondiente expediente figura a disposición de la interesada para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Oficina de Extranjeros de esta Subdelegación del Gobierno, C/. Río Neira. nº 19-21.

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe.

R. 06373

## AYUNTAMIENTOS

### ANTAS DE ULLA

Exposta ao público a ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Antas de Ulla, mediante anuncio publicado no BOP do 29/09/09, sen que se teñan presentado alegacións, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 5/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, considerase definitivamente aprobada, publicándose a continuación o texto completo da mesma.

#### ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA.

##### CAPITULO I.

##### DISPOSICIONS XERAIS.

###### - Artigo 1º.- Obxecto.

O obxecto da presente ordenanza é a regulación do servizo de axuda no fogar e os requisitos e procedementos necesarios para acceder ó mesmo no Concello de Antas de Ulla.

###### - Artigo 2º.- Regulación xeral do servizo.

En canto á definición, obxectivos e contido do servizo, persoas destinatarias, dereitos e deberes das persoas usuarias, causas de extinción e modificación do servizo, causas de suspensión temporal do servizo, formas de prestación, requisitos específicos, modalidades de acceso ao servizo, criterios de organización e procedemento, intensidade na prestación do servizo, financiamento e determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo aplicarase a regulación autonómica, actualmente establecida na orde do 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, publicada no DOG do 2 de febreiro de 2009.

###### - Artigo 3º.- Requisitos de acceso ao servizo.

1.- As persoas que teñan a resolución emitida polo órgano competente da Administración ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en situación de dependencia, do recoñecemento do grado e nivel de dependencia e a resolución do Programa Individual de Atención (en adiante PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar do onde se determine o servizo de axuda no fogar deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) Estar empadroado e con residencia efectiva no Concello de Antas de Ulla.

b) Formular a correspondente solicitude coa documentación, referente só á situación económica.

2.- Aqueloutras persoas distintas das contempladas no apartado 1 deste artigo deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) Estar empadroado e con residencia efectiva no Concello de Antas de Ulla.

b) Prescrición técnica dos servizos sociais de atención primaria que contemple para a súa situación como recurso idóneo o servizo de axuda no fogar.

c) Formular a correspondente solicitude.

En ámbolas dúas modalidades será requisito indispensable para o acceso ó servizo non ser obxecto de subvención pública para a prestación do mesmo servizo por ningunha entidade pública (cheque asistencial, etc.).

- Artigo 4º.- Criterios de organización e procedemento.

No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo de xeito preferente, de modo que presentada a solicitude coa documentación esixida, procederase mediante Resolución da Alcaldía á confirmación da alta no servizo e ás condicións do mesmo.

No acceso en libre concorrencia o procedemento iniciárase por instancia de parte, en modelo oficial, dirixida ao Alcalde, debendo ser presentada no Rexistro do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.

- Fotocopia da tarxeta sanitaria.

- Certificado de empadramento e convivencia.

- Documentación acreditativa da capacidade económica (declaración da renda, ou de ser o caso, certificado negativo de Facenda, nóminas, certificados de pensións,...).

- Certificado de minusvalía e/ou certificado do grado e nivel de dependencia, de ser o caso.

- Informe médico que acredite a carencia de autonomía persoal.

- Declaración xurada de non ter dereito a axuda no fogar por outra entidade ou organismo, e de ser o caso, documentación que acredite a súa denegación pola devandita entidade.

Unha vez presentada a solicitude a tramitación será a seguinte:

- Informe-proposta de resolución do/a traballador/a social do Concello, coa valoración da idoneidade do recurso solicitado e puntuación de conformidade co baremo autonómico.

- Resolución de Alcaldía, que será notificada á persoa solicitante.

- O/a traballador/a social do Concello elaborará o proxecto de intervención, no que se sinalarán os obxectivos, funcións e tarefas a levar a cabo, así como o tempo de prestación, contribución económica do/a usuario/a ou gratuidade do servizo, asinando co interesado o acordo do servizo, condición indispensable para o inicio do servizo, no que figurarán as condicións básicas de prestación.

De non existir praza no referido servizo, o solicitante quedará en lista de espera, ocupando o número de orde que lle corresponda, en función da puntuación acadada segundo o baremo. No caso de igualdade de puntuación terase en conta a data de rexistro de entrada da solicitude, priorizando a traballadora social, no caso de coincidencia de datas, según a situación de necesidade.

Se un beneficiario superase os seis meses na lista de espera, antes de proceder á súa alta como usuario no servizo de axuda no fogar, será preceptiva unha nova avaliación da situación.

Este procedemento poderase acurtar, con carácter excepcional, e ante unha situación de urxencia adoptándose unha resposta inmediata. A súa desaparición levará á extinción do servizo pasando ó proceso ordinario de resolución de petición.

Con carácter anual farase a renovación do servizo de axuda no fogar, debendo aportar o beneficiario a documentación referente á situación económica, dentro dos primeiros vinte días naturais de cada ano, co fin de determinar a existencia de variacións.

Así mesmo será revisable polo Concello a condición de beneficiario cando:

a) O interesado comunique que as circunstancias que motivaron a concesión se modificaron.

b) Existen dúbidas razoables de que puido haber modificación das circunstancias persoais, familiares, económicas ou doutra índole, non comunicadas polo interesado. Neste caso será preceptiva a audiencia ó interesado.

- Artigo 5º.- Intensidade na prestación do servizo.

A intensidade do servizo determinarase en horas semanais ou mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

1. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención.

A súa aplicación horaria será flexible en función da dispoñibilidade horaria e de medios do servizo, primando o establecido no proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria todos os días da semana, agás os días 25 de decembro e 1 de xaneiro, en que se prestarán únicamente os servizos imprescindibles de atención persoal.

2. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria.

- Artigo 6º.- Profesionais que interveñen no SAF.

O equipo de traballo será o que a continuación se define:

1.- Traballador/a social.- É o profesional a través do cal se canaliza a demanda co obxecto de que realice o estudo e seguimento de cada caso e informe do tipo ou tipos de servizos aplicables ó mesmo. As súas funcións son:

- Responsabilidade e coordinación do servizo.

- Atención e recepción da demanda.

- Valoración do caso incluíndo a visita o domicilio.

- Formular propostas de baixa e modificación de tarefas asignadas, horarios ou calquera outro cambio significativo na prestación do servizo.

- Formular propostas de suspensión polos motivos legais.

- Definir os obxectivos, que irán plasmados nun proxecto de intervención, e destinar os profesionais e/ou voluntarios necesarios.

- Dar a coñecer o servizo ao usuario e acordar os compromisos das partes, que se recollerán no modelo oficial.

- Manter reunións periódicas con usuarios e auxiliares de axuda no fogar para garantir o correcto funcionamento do servizo.

- Avaliación permanente e supervisión do servizo, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

- Coordinación con outros profesionais.

2.- Auxiliar de axuda no fogar.- É o persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias cos requisitos que establece o artigo 12.2 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar. As súas funcións son:

- Prestar as atencións de carácter persoal e domésticos e da vivenda que se recollen nos apartados a) b) c) da referida Orde do 22/01/09.

- Potenciar o protagonismo do usuario non substituíndoo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo.

- De colaboración co traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.

Este persoal, no caso de atender a persoas afectadas por déficits de autonomía, deberán estar en posesión da cualificación profesional específica para o exercicio das súas funcións, sen prexuízo da posibilidade de acreditación da competencia profesional adquirida ben mediante experiencia laboral ou mediante aprendizaxes non formais.

O persoal auxiliar de axuda no fogar actuará en base ás seguintes normas:



- A actuación da/o auxiliar deberá axustarse ó programa técnicamente establecido. Dependerá orgánica e funcionalmente do Concello de Antas de Ulla e non do usuario.

- O servizo non pode inferir nin limitar o dereito á intimidade do usuario. Consecuentemente a/o auxiliar de axuda no fogar non deberá acompañarse de ninguén cando acuda ó seu traballo, nin fará comentario nin actuación ningunha fóra do fogar do usuario que atente contra aquel dereito.

- A/o auxiliar non deberá traballar no domicilio do usuario en ausencia deste, salvo circunstancias excepcionais e co permiso expreso do mesmo.

- A/o auxiliar non poderá manexar ningún diñeiro agás o necesario para as compras elementais de artigos básicos para o consumo diario e outras que entren dentro do estricto ámbito das súas tarefas como auxiliar de axuda no fogar.

- Non se queixará do seu traballo ós usuarios, nin lles contará os seus problemas persoais.

- O tempo de atención, periodicidade, funcións e tarefas a desenvolver, serán as establecidas na resolución de concesión.

- Cando por calquera circunstancia fose preciso realizar un cambio de horario ou substitución dunha auxiliar de axuda no fogar, poderá realizarse e sen mediación do/a usuario/a, se ben é preciso comunicalo previamente.

- A/o auxiliar do SAF non permitirá que sexa a/o usuaria/o quen oriente o servizo, e manterá unha relación de equilibrio afectivo axustado a/o usuaria/o.

- A/o auxiliar do SAF non disporá de chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións da situación concreta así o esixan, sempre coa demanda e consentimento da/o usuaria/o e aceptación da traballadora social responsable do SAF.

3.- Educador/a familiar.- Profesional que desenvolve unha serie de tarefas educativas en contacto directo co usuario e o seu entorno, con unha periodicidade establecida. As súas funcións son:

- De orientación en actividades da vida diaria, como a creación de hábitos de limpeza, hixiene, organización da vida doméstica, etc...

- Educativa, favorecendo ou estimulando a dinámica familiar, a comunicación e a relación co exterior.

- Colaboración co traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.

O educador/a familiar contará coa colaboración do auxiliar de axuda no fogar para levar a cabo algunha das funcións anteriormente enumeradas, por ser esta a persoa que a diario mantén contacto co usuario, pero sempre serán establecidas polo educador/a familiar.

4.- Voluntariado.- Na prestación do servizo, ademais

do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

- Artigo 7º.- Participación das persoas destinatarias no financiamento do servizo.

1.- Para cada exercicio orzamentario o Pleno do Concello fixará o custo por hora do servizo, que será o resultado de dividir o importe total do conxunto dos custos do servizo no exercicio anterior dividido polo número de horas efectivas prestadas ao conxunto dos usuarios durante o mesmo exercicio.

2.- No caso de que a capacidade económica mensual da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao IPREM en vigor quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

3.- Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa de pagamento do servizo:

INGRESOS EN RELACIÓN Ó IPREM	Taxa de aportación do usuario
Superior ó 100% e non exceda o 150%	10%
Superior ó 150% e non exceda o 200%	13%
Superior ó 200% e non exceda o 250%	16%
Superior ó 250% e non exceda o 300%	20%
Superior ó 300% e non exceda o 350%	26%
Superior ó 350% e non exceda o 400%	33%
Superior ó 400% e non exceda o 450%	41%
Superior ó 450% e non exceda o 500%	50%
Superior ó 500%	61%

4. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

Disposición derradeira.-

Esta ordenanza derrogará o Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar e a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda que foron publicados no BOP de Lugo nº 25, do 01/02/99, e entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Antas de Ulla, 18 de novembro de 2009.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.- O Secretario, Francisco Torrente Hortas.

R. 06377

**BECERREA***Edicto*

Polo Pleno da Corporación do Concello de Becerreá, en sesión ordinaria celebrada o pasado día 29/10/2009, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo que se publica na súa parte dispositiva de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 30/92:

“O Pleno da Corporación, por unanimidade, e en votación ordinaria, ACORDA:

Primeiro.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo a contratación da subministración eléctrica aos edificios e servizos municipais que se relacionan no anexo número I deste acordo, aos efectos da súa contratación centralizada ou conxunta con outros municipios da provincia.

A delegación alcanza a todos actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, manténdose a titularidade municipal das respectivas subministracións, de tal forma que os respectivos contratos de subministración formalizaranse entre a empresa adxudicataria e o Concello.

Segundo.- O Concello obrígase a formalizar o contrato coa empresa comercializadora que resulte adxudicataria da contratación centralizada efectuada pola Deputación Provincial, nos términos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas económicas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e ao cumprimento estrito de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.

Terceiro.- A Deputación Provincial poderá exercer a competencia delegada, nos términos do parágrafo primeiro deste acordo, mediante a tramitación do expediente de contratación da subministración de electricidade de forma centralizada ou conxunta ou, no seu caso, mediante os acordos marco aos que, por este acordo, se considera adherido este municipio, sen prexuízo de calquera outra forma de selección do contratista que estime oportuno.

Polo demais, o réxime xurídico do exercicio da delegación aterase a canto se establece na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración Local de Galicia e na Lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico.

Cuarto.- O de duración do contrato será de dous anos prorrogables por períodos anuais sen que a súa duración máis as prórrogas, supere os catro anos.

Quinto.- O presente acordo deberá publicarse no Boletín Oficial de Provincia, en cumprimento de canto se establece polo artigo 13 da Lei 30/1992.

Sexto.- Facúltase ampla e expresamente ao señor Alcalde-Presidente para que, en nome e representación do Concello, asine o correspondente convenio no que se formalice a delegación de competencias acordada.

En Becerreá, 20 de novembro de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 06394

**BARREIROS***Anuncio*

Por acordo plenario de data de 28 de setembro de 2009, aprobouse inicialmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa por licenza de primeira ocupación e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACION DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS EN XERAL.**

Artigo 1º. Natureza e fundamento.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello modifica a taxa por licenza de primeira ocupación de edificios e instalacións en xeral que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 57 da citada Lei.

Artigo 2º. Feito Imponible.

Constitúe o feito imponible deste tributo a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos ó outorgamento da necesaria licenza de primeira ocupación.

A licenza de primeira ocupación ten por finalidade a comprobación de que a edificación foi realizada con suxección estrita ós proxectos de obras que obtiveron a correspondente licenza municipal para a edificación e que as obras foron rematadas totalmente, sendo a súa obtención un requisito previo indispensable para poder destinar os edificios ó uso proxectado, debendo, en consecuencia, ser obtidas para a súa utilización.

Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soporten os gastos ou o custo que comporte a realización das obras para as que se solicita a licenza de primeira ocupación.

2.- No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo os que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

No non previsto especificamente nesta ordenanza estarase ó disposto con carácter xeral no capítulo II da Lei Xeral Tributaria sobre sucesores e responsables tributarios.

#### Artigo 4°. Devengo.

1.- A taxa devéngase e nace a obriga de contribuir no momento de formularse a solicitude da preceptiva licenza. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non será afectada por feito algún, como a denegación da licenza ou pola concesión da mesma condicionada a modificación, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

2.- A licenza solicitarase ó Concello polos propietarios das obras, unha vez rematadas éstas, e antes da súa posta en uso.

3.- A solicitude deberá presentarse en modelo normalizado, acompañada de:

a) Certificado final de obra emitido polos técnicos competentes.

b) Certificado final das obras de urbanización se fosen precisas.

d) Calquera outra documentación que sexa requerida polos técnicos municipais para a comprobación da situación exacta das obras realizadas.

4.- Os expedientes serán informados polos servizos técnicos e xurídicos municipais competentes, previa comprobación da obra efectivamente realizada.

5.- A competencia para resolver o expediente corresponde ó Alcalde ou órgano no que delegue.

6.- A licenza de primeira ocupación será requisito previo para os subministrados de auga, enerxía eléctrica, gas e telefonía.

#### Artigo 5°. Cota tributaria.

A cota tributaria será de 1,20 euros por m<sup>2</sup> útil de local ou unidade de vivenda.

#### Artigo 6°. Ingreso.

En todos os casos realizarase unha única liquidación na concesión da licenza. Na xestión, liquidación e recaudación desta taxa estarase ás disposicións xerais sobre xestión, liquidación e recadación de tributos locais.

#### Artigo 7°. Infraccións e sancións.

1. A posta en uso dun edificio carente de licenza de primeira ocupación cando fose preceptiva, constitúe infracción administrativa urbanística, que se sancionará de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable en cada momento para as infraccións leves.

2. Serán causas de denegación da licenza de primeira ocupación toda desviación sobre o proxecto aprobado que supoña infracción urbanística, relacionando a efectos meramente enunciativos os aumentos de superficie construída, aumentos de altura, volume edificable, densidade residencial, cambios de uso manifestamente oportos ós autorizados, ou sen a correspondente licenza, así como poñer obstáculos á labor inspectora.

#### Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Barreiros, a 19 de novembro de 2009.- O ALCALDE, José Alfonso Fuente Parga.

R. 06402

## CHANTADA

### Anuncio

La Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el día 6/11/2009 ha aprobado la siguiente Oferta de Empleo Público para el año 2009:

#### FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Grupo	CLASIFICACION	Nº DE VACANTES	DENOMINACION
C1	Admón. Especial, subescala: Servicios especiales: Clase: Oficial de Policía.	1 (P. interna)	Oficial de Policía

Chantada, 10 de noviembre de 2009.- El Alcalde, Manuel Anxo Taboada Rodríguez.

R. 06354

## FOZ

## EDICTO DE DEVOLUCION DE AVAL

Solicitado por MOENIA SERVICIOS DE PROMOCION, S.L., con enderezo en Torre nº 31-Orbazay-27297-Lugo, a devolución de aval presentado para responder da construción de edificio en rúa Constitución nº 5 de Foz, sométese o expediente a información pública na Secretaría Municipal a efectos de exame e reclamacións, por prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Foz, a 13 de outubro de 2009.- O Alcalde, José María García Rivera.

R. 06385

## Anuncio

Aprobación e exposición pública do padrón das taxas por subministro de auga, canon de saneamento, recollida de lixo e sumidoiros para o bimestre setembro-outubro de 2009 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data 11 de novembro de 2009, foi aprobado o seguinte padrón de contribuíntes:

- Taxas por subministro de auga, canon de saneamento, recollida de lixo e sumidoiros para o bimestre setembro-outubro de 2009, por un importe total de douscentos sesenta e tres mil setenta e dous euros con noventa céntimos (263.072,90 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra éste as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 15 de novembro e o 15 de xaneiro de 2010.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso conten-

cioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei Reguladora desta Xurisdición.

Foz, 11 de novembro de 2009.- O Alcalde, José María García Rivera.

R. 06386

FRIOL

Edicto

## ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

Por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 13 de novembro de 2009, acordouse elevar a definitiva a adxudicación provisional do servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia e libre concorrencia, o que se fai público aos efectos previstos no art. 135 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

1.- Entidade adxudicataria: Concello de Friol. (Adxudicación provisional na sesión da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro de 2009 a favor de COEXCO DEZA, S.L. (SOCYSER).

2.- Obxecto do contrato: Servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia e libre concorrencia.

3.- Procedemento negociado sen publicidade, conforme ao disposto nos pregos de condicións económico-administrativas e polo prazo no mesmo estipulado, dacordo coa memoria da prestación do servizo e aos medios humanos e materiais presentados polo prezo de:

De luns a venres e sábados pola mañán:

Prezo de hora sen iva: 11,84 €.

IVE: 0,83 %.

Total €/h: 12,67 €.

Sábados tarde, domingos e festivos:

Prezo hora sen IVE: 13,52 €.

IVE: 0,95 %.

Total €/hora: 14,47 €.

Friol, a 16 de novembro de 2009.- O Alcalde, Antonio E. Muiña Pena.

R. 06403

LUGO

DECRETO NÚMERO 1029/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓN EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. don JOSÉ RÁBADE ARIAS, tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, vinte de setembro de dous mil nove.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de novembro de 2009, unha vez rematado o proceso selectivo correspondente e presentada a documentación requirida na base décimo novena das xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal, adoptou o acordo nº 12/835, polo que se nomea a DON MIGUEL LÓPEZ PALACIOS, DON DAVID BRUCK ÁLVAREZ, DON EDUARDO LÓPEZ DORADO, DON FRANCISCO OTERO BESTEIRO, DON GUILLERMO SAAVEDRA MARTÍNEZ, DON PABLO YANES RIVAS, DON ANTONIO ABUÍN FERNÁNDEZ, DON ÓSCAR FREIRE CORDERO, DON VÍCTOR MANUEL CARBALLÉS LÓPEZ, DON JOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ VILLAMIEL e DON MARCOS RODRÍGUEZ BALIÑA, como bombeiros conductores do Excmo. Concello de Lugo.

Por todo o que, en cumprimento do establecido na base vixésimo das xerais referidas e, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como dos acordos de dito Órgano de Goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Facer público o nomeamento de DON MIGUEL LÓPEZ PALACIOS, DON DAVID BRUCK ÁLVAREZ, DON EDUARDO LÓPEZ DORADO, DON FRANCISCO OTERO BESTEIRO, DON GUILLERMO SAAVEDRA MARTÍNEZ, DON PABLO YANES RIVAS, DON ANTONIO ABUÍN FERNÁNDEZ, DON ÓSCAR FREIRE CORDERO, DON VÍCTOR MANUEL CARBALLÉS LÓPEZ, DON JOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ VILLAMIEL e DON MARCOS RODRÍGUEZ BALIÑA, como bombeiros conductores do Excmo. Concello de Lugo, os cales deberán tomar posesión no prazo dun mes, a partir do día seguinte á publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coa advertencia de que, no caso de que non tomasen posesión no período sinalado, salvo causa de forza maior, perderán todos os dereitos derivados da participación no procedemento selectivo e do nomeamento outorgado a súa persoa.

Segundo.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poi-

da interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.

DECRETO NÚMERO 1.030/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. don JOSÉ RÁBADE ARIAS, tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, vinte de novembro de dous mil nove.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de novembro de 2009, unha vez rematado o proceso selectivo correspondente e presentada a documentación requirida na base vixésima das xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, adoptou o acordo nº 13/836, polo que se nomea a DONA MARÍA ISABEL OZORES SIEIRA, como licenciada en Dereito do Excmo. Concello de Lugo.

Por todo o que, en cumprimento do establecido na base vixésimo primeira das xerais referidas e, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como dos acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Facer público o nomeamento de DONA MARÍA ISABEL OZORES SIEIRA, como licenciada en Dereito do Excmo. Concello de Lugo, a cal deberá tomar posesión no prazo dun mes, a partir do día seguinte á publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coa advertencia de que, no caso de que non tomase posesión no período sinalado, salvo causa de forza maior, perderá todos os dereitos derivados da participación no procedemento selectivo e do nomeamento outorgado a súa persoa.

Segundo.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.

R. 06396

## MONDOÑEDO

*Edicto*

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de noviembre de 1992), se hace pública notificación de la iniciación de los expedientes sancionadores que se indican, instruidos por el Concello de Mondoñedo, a las personas o entidades denunciadas que a continuación se relacionan, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio conocido, ésta no se ha podido practicar.

Los correspondientes expedientes obran en la Secretaría del Concello de Mondoñedo, ante la cual les asiste el derecho de alegar por escrito lo que en su defensa estimen conveniente, con aportación o proposición de las pruebas que consideren oportunas, dentro del plazo de quince días hábiles, contados desde el siguiente al de la publicación del presente en el Boletín Oficial de la Provincia.

Transcurrido dicho plazo sin que haya hecho uso del derecho para formular alegaciones y/o aportar o proponer pruebas, se dictarán las oportunas resoluciones.

Mondoñedo, 20 de noviembre de 2009.- EL Instructor, Modesto Díaz García.

ART\* = Artículo; RDL = Real Decreto Legislativo; RD = Real Decreto; PUNT. = Puntos a detraer.

BOLETÍN	DENUNCIADO/A	VEHÍCULO	LOCALIDAD	FECHA	CUANTÍA	PUNT.	PRECEPTO	ART.
<b>DENUNCIA</b>								
00671	José Luis Carreira Cendán	1687-BKB	Monforte de Lemos	12-08-09	90 €		RD 1428/03	94.2
00619	Alvaro Expósito Fernández	2191-GLW	Foz	13-08-09	90 €		RD 1428/03	94.2
00586	José Manuel Liaño Ruiz	S-1409-AM	Reocín-Cantabria	20-08-09	90 €		RD 1428/03	94.2
00626	Manuel A. del Valle Arrojo	7296-FNN	Coruña	20-08-09	90 €		RD 1428/03	94.2
00584	Guillem D'Éfak Fullana Ferre	9836-FNX	Barcelona	20-08-09	90 €		RD 1428/03	94.2
00632	Henry Leonell Yallico Guevara	8094-FNJ	Santiago	29-08-09	90 €		RD 1428/03	91.2

R. 06384

## OUROL

## DECRETO Nº 322/2009

DON MARCIAL SANJURJO FERNÁNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL, PROVINCIA DE LUGO.

Ao abeiro do establecido no artigo 63 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como nos artigos 43 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, auséntome deste termo municipal por razóns persoais, e para que podan ser exercidas as competencias desta Alcaldía nos termos da lexislación vixente, comprendendo tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecte a terceiros, resolvo expresamente a miña substitución no primeiro tenente de Alcalde don José Ramón Vázquez Bouza, dende o día 18 de novembro de 2009 ata o día 24 de novembro de 2009, ambos inclusive.

Comuníquese ó interesado e publíquese no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Mando e asino en Oural, a dezasete de novembro de dous mil nove.- O Alcalde, ilexible.

R. 06352

## OUTEIRO DE REI

RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES  
DE INVESTIGACIÓN

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, previa tramitación dos correspondentes expedientes de investigación, recoñeceuse a titularidade municipal dos seguintes bens inmoables:

- Parcela 604 do polígono 75, (resolución de 18 de novembro de 2009).

- Camiño que discurre entre as parcelas 17, 24, 25, 22, 16, 14, 39 e 15 do polígono 84, (resolución de 31 de marzo de 2009).

- Camiño que discurre polo vento Sur das parcelas 294, 305 e 309 do polígono 61 e vento Norte das parcelas 325, 321, 320, 319, 317 e 316 do polígono 61, (resolución de 19 de decembro de 2007).

- Porción de terreo actualmente incluída catastralmente dentro da parcela 1 do polígono 73, (resolución de 3 de novembro de 2009).

- Parcelas 524 e 524 do polígono 42, (resolución de 12 de novembro de 2007).

- Parcela 84 do polígono 97, (resolución de 17 de abril de 2006).

Os presentes actos administrativos poñen fin á vía administrativa, contra os que poderase interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da práctica da presente publicación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da práctica da presente publicación.

En Outeiro de Rei, a 18 de novembro de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 06400

### PORTOMARIN

Para os efectos oportunos faise público que esta Alcaldía, con data 13 de novembro de 2009, dictou o seguinte DECRETO:

De conformidade co expediente de concurso de méritos para cubrir en propiedade unha praza de traballador social, do grupo 02, subgrupo A2, vacante no cadro de persoal laboral deste Concello, segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 29 de abril do 2009 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 114 de 21 de maio de 2009, extracto de referencia publicado no Boletín Oficial de Galicia nº 109 de 5 de xuño de 2009 e convocatoria en extracto no Boletín Oficial do Estado nº 106 do 3 de xullo. Unha vez publicados nos Boletíns Oficiais da Provincia nº 182 e 189, de data 10 e 19 de agosto de 2009, respectivamente, as resolucións polas que se aprobaron as listas provisionais de admitidos e excluídos no procedemento selectivo de referencia e vistos os escritos presentados durante o proceso sinalado para emendas, en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro: Aprobala lista definitiva de admitidos e excluídos no citado procedemento selectivo integrada polos seguintes aspirantes:

#### ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	DNI
ALONSO FERNANDEZ	LUCÍA	44.831.899-J
ALVAREZ BOUZAS	JOSÉ ANTONIO	52.453.398-G
BERREDO FERNÁNDEZ	ANA	33.339.286-G
CAMPELO MÉNDEZ	PATRICIA	33.543.712-Y
CASTRO BESTEIRO	MARTA	33.334.567-T
CRiado CASTELO	MARÍA	33.346.198-Q
FERNÁNDEZ MÉNDEZ	Mª SAGRARIO	33.304.353-P
PARDO VÁZQUEZ	MÓNICA	33.544.937-N
PÉREZ SÁNCHEZ-OROZCO	TANIA	33.316.553-H
RETZLAFF ARCIPRETE	LAURA	16.631.837-P
RODRÍGUEZ LÓPEZ	OSCAR JOSÉ	33.541.718-J
VIÑA QUINTÁS	ANA BELÉN	33.538.031-Y
VIÑA SANTOS	MARGARITA	33.327.096-G

#### EXCLUÍDOS:

Ninguén.

Segundo: Proceder a selección nominal do Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado por este Concello para o acceso en propiedade a unha praza de traballador social, e que estará constituída polos seguintes membros:

Presidente:

- Don José Antonio Carro Asorey, Secretario do Concello de Sarria.

Suplente: Don José López Castro, Secretario-Interventor do Concello de Láncara.

Vogais:

- Don Arximiro Fernández Arias, técnico en Recursos Humanos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

- Dona María Asunción Gudín Arias, traballadora social do Concello de Sarria

Suplente: Dona Susana Maceda Pedrero, traballadora social do Concello de Sarria.

- Dona Mónica Vázquez Fandiño, Secretaria-Interventora do Concello de Monterroso.

Suplente: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario-Interventor do Servizo de Asistencia da Deputación de Lugo.

Secretario:

- Don José Luis Vázquez Méndez, Secretario-Interventor do Concello de Portomarín.

Suplente: Dona Elisa Muñoz Álvarez Secretaria-Interventor do Concello de Baralla.

Terceiro: Fixar o lugar, data e hora de comezo dos exercicios, do xeito que a continuación se indican:

- Constitución do Tribunal e baremación de méritos do concurso: O venres 11 de decembro de 2009 ás 9:30 horas da mañá no Concello de Portomarín.

- Entrevista curricular: Desenvolverase a partires das 12:30 horas da mañá do día 11 de decembro de 2009, no salón de Plenos da Casa do Concello de Portomarín.

- Os/as aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento de fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto: Dar traslado da presente resolución os membros do Tribunal e inserta-la no taboleiro de anuncios municipal, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquél na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito. Os sucesivos anuncios relativos ó proceso selectivo anteriormente mencionado publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Portomarín e nos locais onde se celebrou a proba anterior.

Cúmprase, en Portomarín, a 16 de novembro de 2009.

R. 06420

Cumprindo o disposto no artigo 70 da Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 05 de outubro de 2009, e o texto do REGULAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO DO CONCELLO DE PORTOMARÍN (anexo 1) acordo do que a parte dispositiva di: 4º) BOLSA DE TRABALLO DESTE CONCELLO (RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA). Sometido a votación, a proposta de modificacións dos artigos de referencia. A Corporación, por maioría de seis votos a favor e tres en contra, ACORDA:

1º. Prestarlle aprobación as modificacións seguintes do texto do regulamento da bolsa de traballo do Concello de Portomarín, que definitivamente quedan redactadas do xeito que se di, permanecendo sen modificación o resto do texto, queda redactado:

Artigo 4º último parágrafo.

En caso de igualdade na oportuna selección teranse en conta os seguintes criterios para resolver o empate:

1º.- Parados de longa duración con cargas familiares (maior de un ano).



2º.- Menores de 25 anos na procura do seu primeiro emprego, con fracaso escolar ou en situación de abandono familiar (familias desestructuradas).

3º.- Mulleres.

4º.- Discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais.

5º.- Inmigrantes.

6º.- Perceptores de axudas sociais (RISGA, RAI...).

7º.- Extoxicómanos.

8º.- Reclusos en réxime aberto ou ex-reclusos.

9º.- Minorías étnicas.

Apartado c) (Formación académica) do subapartado 2.1. (Formación), do artigo 10, queda redactado:

Titulación universitaria superior: 1 punto.

Titulación universitaria media (diplomatura ou equivalente): 0,75 puntos.

Bacharelato ou equivalente: 0,50 puntos.

ESO ou equivalente: 0,25 puntos.

Sen estudos: 0,25 puntos.

Apartado 2.4. do artigo 10 (dificultais especiais de inserción sociolaboral) queda redactado:

Dificultais especiais de inserción sociolaboral.

1) Parados de longa duración con cargas familiares: 1 punto.

2) A pertenza a un colectivo en risco de exclusión social debido a súa dificultade para incorporarse ao ámbito laboral puntuarase con 0,50 puntos, sempre que esta situación esté convintemente acreditada.

2º. Publicar o texto íntegro no B.O.P. de Lugo.

**ANEXO 1. REGULAMENTO DA BOLSA DE TRABAJO DO CONCELLO DE PORTOMARÍN.**

**CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓN XERAIS.**

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

Aplicarase para as necesidades de cobertura temporal de funcións do Concello de Portomarín.

Artigo 2.- Obxecto.

A bolsa de traballo ten por obxecto cubrir calquera necesidade de persoal con carácter temporal.

**CAPÍTULO 2. PROCEDIMENTO.**

Artigo 3.- Convocatoria.

A bolsa de traballo terá unha vixencia anual, actualizándose cada ano ó longo dos tres primeiros meses do ano, respecto dos novos méritos achegados polos aspirantes, así como para a inclusión na mesma; sen prexuízo de que ocasionalmente poida actualizarse noutros períodos do ano por necesidades de funcionamento.

O Concello de Portomarín facilitará información na que se relacionen as posibles necesidades de persoal con carácter temporal, fixando a documentación e requisitos legais esixidos.

Este regulamento exporase nos taboleiros de anuncios deste Concello para o coñecemento dos posibles aspirantes.

Artigo 4.- Solicitudes e valoración de méritos.

As solicitudes de admisión na bolsa de traballo facilitaranse aos aspirantes nas dependencias e na páxina web do Concello, nas que o propio aspirante estime a súa puntuación segundo o baremo recollido no artigo deste regulamento.

Unha vez incorporados á bolsa de traballo, os novos méritos que se queiran acreditar poderán ser achegados en calquera momento mediante a cumplimentación dos modelos establecidos e o seu correspondente rexistro, os cales serán tidos en conta de conformidade co establecido no artigo anterior.

Non se terá en conta para a selección oportuna ningunha solicitude que non teña revisada a súa puntuación, nin aquelas solicitudes de incorporación que non sexan incluídas tras a oportuna actualización fixada no artigo anterior.

Os servizos prestados no Concello de Portomarín non necesitarán ser achegados documentalmente, sendo incorporados de oficio pola Administración a solicitude do interesado.

En caso de igualdade na oportuna selección teranse en conta os seguintes criterios para resolver o empate:

1º.- Parados de longa duración con cargas familiares (maior de un ano).

2º.- Menores de 25 anos na procura do seu primeiro emprego, con fracaso escolar ou en situación de abandono familiar (familias desestructuradas).

3º.- Mulleres.

4º.- Discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais.

5º.- Inmigrantes.

6º.- Perceptores de axudas sociais (RISGA, RAI...).

7º.- Extoxicómanos.

8º.- Reclusos en réxime aberto ou ex-reclusos.

9º.- Minorías étnicas.

Artigo 5.- Publicación de listaxes.

Na creación e en cada actualización da bolsa de traballo publicaranse nos taboleiros de anuncios do Concello unha listaxe das solicitudes inscritas non revisadas con expresión da puntuación calculada polo propio interesado.

Cando se vaia a facer uso da bolsa de traballo para prover unha necesidade temporal de contratación publicarase unha listaxe provisional das solicitudes revisadas

en número igual, sempre que o número de persoas inscritas na bolsa que cumpran os requisitos esixidos para o posto o permita, ao do dobre de necesidades a cubrir, non podendo ser inferior a tres.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días contados a partir o seguinte ao da publicación desta listaxe para presentar alegacións.

Artigo 6.- Listaxes adicionais e seleccións extraordinarias.

Excepcionalmente cando nunha categoría quedara esgotado a listaxe revisada da bolsa de traballo, poderá confeccionarse unha listaxe adicional a partir das solicitudes rexistradas e non revisadas, e no caso de que non houberse solicitudes suficientes para cubrir as necesidades, abrírase un prazo extraordinario de bolsa de traballo para cubrir esa necesidade de carácter temporal. En todo caso as vinculacións temporais realizaranse conforme ás disposicións legais que se atopen en vigor e utilizarán o baremo de valoración de méritos establecido para cada posto de traballo concreto.

Estas convocatorias darán un prazo mínimo de dez días naturais desde a súa publicación nun medio de comunicación local ou outros medios de difusión.

Artigo 7.- Cobertura de necesidades temporais.

1.- Con carácter xeral, as vinculacións temporais ofertaranse ao primeiro da lista. No entanto para aqueles contratos laborais cuxa duración prevista sexa superior a seis meses, realizarase unha proba, a concretar según o posto a cubrir, entre aqueles aspirantes da Bolsa de Traballo que con respecto ao que ocupe o primeiro lugar teñan unha diferenza de puntuación inferior ou igual a 5 puntos; a proba que se realice valorarase de 0 a 5 puntos.

Artigo 8.- Cesamentos.

As causas de cesamento serán as fixadas na normativa aplicable en cada caso e, con carácter xeral, como consecuencia do remate da necesidade do servizo.

Artigo 9.- Quenda de reserva para persoas con discapacidade.

A reserva para a cobertura de necesidades temporais para este persoal farase de conformidade co establecido no convenio vixente. Para acollerse a esta quenda será necesaria a presentación do certificado acreditativo do grao de minusvalía expedido polo organismo competente.

Artigo 10.- Valoración de méritos.

1.- Méritos profesionais:

Considéranse méritos profesionais a experiencia laboral debidamente acreditada polo solicitante. A puntuación neste apartado non poderá exceder de 5 puntos.

a) Por mes traballado ou fracción superior a quince días na Administración Pública en igual posto: 0,05 puntos. Máximo: 3 puntos.

b) Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sexan por conta allea, en igual posto (ou similar cando a praza obxecto da selección sexa creada exclusivamente por este Concello): 0,25 puntos. Máximo: 2 puntos.

c) A experiencia profesional non acreditada axeitamente non se tera en conta á hora da valoración de méritos. No caso de contratos de duración igual ou inferior a 20 h. semanais a puntuación total obtida en cada apartado dividirase entre dous.

2. Formación.

2.1.- Regras xerais.

A participación en actividades de formación terá que estar acreditada por organismos oficiais. A puntuación total neste apartado non poderá exceder de 3 puntos.

a) Formación extraacadémica.

Asistencia a cursos, seminarios, congresos, xornadas ou similares impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:  $N^{\circ}$  horas X 0,001 puntos. Máximo: 0,5 puntos.

Formación área informática, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:  $N^{\circ}$  horas X 0,002 puntos. Máximo: 5 puntos.

Aqueles cursos con menos de 10 horas ou que non especifiquen a súa duración non serán valorados.

c) Formación académica:

Titulación universitaria superior: 1 punto.

Titulación universitaria media (diplomatura ou equivalente): 0,75 puntos.

Bacharelato ou equivalente: 0,50 puntos.

ESO ou equivalente: 0,25 puntos.

Sen estudos: 0,25 puntos.

3. Idiomas.

Certificado de Lingua Galega do nivel 4 ou 5: 0,75 puntos.

Certificado de Lingua Galega do nivel 1, 2 e 3: 0,50 puntos.

No suposto de Iniciación á Lingua Galega a valoración será de 0,50 puntos e no Perfeccionamento da Lingua Galega de 0,75 puntos.

Ó dominio acreditado doutra lingua estranxeira puntuarase con 0,25 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

4. Dificultais especiais de inserción sociolaboral.

1) Parados de longa duración con cargas familiares: 1 punto.

2) A pertenza a un colectivo en risco de exclusión social debido a súa dificultade para incorporarse ao ámbito laboral puntuarase con 0,50 puntos, sempre que esta situación esta convintemente acreditada.

#### Artigo 11.- Renuncias.

Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia a unha cobertura temporal, sempre que non se esté en situación de activo ou de baixa por incapacidade, levará adosada as seguintes medidas: Primeira renuncia: Seis meses de exclusión da bolsa de emprego e imposibilidade de acceso ás ofertas desta.

Segunda renuncia: Un ano de exclusión da bolsa de emprego e imposibilidade de acceso ás ofertas desta.

Terceira renuncia: Baixa definitiva na bolsa de emprego e imposibilidade de incluírse de novo na mesma.

A non dispoñibilidade provisional, por atoparse traballando nese momento, non supón ningunha modificación da posición na listaxe, sempre e cando se acredite adecuadamente a situación de activo. Así mesmo, para xustificar a non aceptación por motivos de incapacidade debe acreditarse por medios oficiais.

#### Artigo 12.- Exclusiones voluntarias.

Poderase producir a instancia do interesado a exclusión da bolsa por un prazo mínimo de tres meses, que se entenderá prorrogada mentres o interesado non realice unha nova solicitude para a súa inclusión.

A solicitude deberá presentarse no Rexistro do Concello, por escrito, causando baixa na bolsa de traballo desde a data de entrada no rexistro da solicitude de reincorporación de novo a bolsa de emprego.

Esta opción permite permanecer un tempo fóra da bolsa sen ningún tipo de consecuencia negativa para a persoa interesada.

#### Artigo 13: Expediente disciplinario.

En caso de despedimento disciplinario, producirase a exclusión da bolsa de traballo cando o despedimento sexa firme e a suspensión cautelar da inscrición na bolsa ata que haxa pronunciamiento xudicial sobre o despedimento.

Se mentres se instrúe un expediente disciplinario extínguese a relación, a inclusión ou exclusión da bolsa de traballo estará suxeita á resolución derivada do expediente.

#### Artigo 14.- Procedemento.

Pola Unidade Administrativa encargada da xestión da bolsa de traballo deixarase constancia por medios fehacientes de calquera incidencia que se produza na dispoñibilidade ou a ausencia desta por parte daqueles solicitantes aos que se lle oferte a cobertura dunha necesidade temporal.

Para avisar ao que deba cubrir unha necesidade de carácter temporal, para a súa localización realizaranse tres chamadas telefónicas:

- Se é o interesado o interlocutor daráselle un prazo de 24 h. para que acepte ou renuncie ao ofertado.

- Se se ten un receptor/gravador de mensaxes telefónicas ou responde quen non é o interesado, deixaráselle unha mensaxe ou aviso para que nun prazo de 48 h. acepte ou renuncie ao ofertado.

- No caso de que non conteste nin teña gravador de mensaxes, enviaráselle unha telegrama dándolle un prazo de 48 h. para que acepte ou renuncie ao ofertado.

Se non se recolle a telegrama equivalerá á renuncia do ofertado.

#### DISPOSICIÓN FINAL:

O presente Regulamento entrará en vigor tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo que se fixa no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 65.2 da mesma Lei.

En Portomarín, a 18 de novembro de 2009.- A Alcaldesa, Silvia Rodríguez Díaz.

R. 06357

—  
RABADE  
*Anuncio*

De conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 13, da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, coa redacción introducida á mesma mediante a Lei 4/1999, por medio do presente faise público que, o Pleno corporativo en sesión celebrada o día 13 de outubro do ano en curso, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Primeiro.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo a contratación da subministración eléctrica aos edificios e servizos municipais que se relacionan no anexo número I deste acordo, aos efectos da súa contratación centralizada ou conxunta con outros municipios da provincia.

A delegación alcanza a todos actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, manténdose a titularidade municipal das respectivas subministracións, de tal forma que os respectivos contratos de subministración formalizaranse entre a empresa adxudicataria e o Concello.

Segundo.- O Concello obrígase a formalizar o contrato coa empresa comercializadora que resulte adxudicataria da contratación centralizada efectuada pola Deputación Provincial, nos términos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas económico administrativas particulares e de prescricións técnicas, e ao cumprimento estrito de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.

Terceiro.- A Deputación Provincial poderá exercer a competencia delegada, nos termos do parágrafo primeiro deste acordo, mediante a tramitación do expediente

de contratación da subministración de electricidade de forma centralizada ou conxunta ou, no seu caso, mediante os acordos marco aos que, por este acordo, se considera adherido este municipio, sen prexuízo de calquera outra forma de selección do contratista que estime oportuno.

Polo demais, o réxime xurídico do exercicio da delegación aterase a canto se establece na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración Local de Galicia e na Lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico.

Cuarto.- O de duración do contrato será de dous anos, prorrogables por períodos anuais ata un máximo total de catro.

Quinto.- O presente acordo deberá publicarse no Boletín Oficial de Provincia, en cumprimento de canto se establece polo artigo 13 da Lei 30/1992.

Sexto.- Facúltase amplía e expresamente ao señor Alcalde-Presidente para que, en nome e representación do Concello, asine o correspondente convenio no que se formalice a delegación de competencias acordadas.

Rábade, 20 de novembro de 2009.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 06401

—  
RIBAS DO SIL

*Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía de data vinte e catro de novembro de dous mil nove acordouse a delegación de funcións do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribas de Sil no 1º tenente de Alcalde, don Roberto Castro González, dende o día vinte e cinco de novembro ata o vinte e sete de novembro de dous mil nove, ambos os dous incluídos, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei 5/1997, e artigos 43 e ss do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de Galicia.

Ribas de Sil, vinte e catro de novembro de dous mil nove.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 06412

—  
*Anuncio*

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 16 de novembro de 2009 os seguintes padróns correspondentes ós servizos de recollida de lixo-ecotaxa, abastecemento de auga e servizo de axuda a domicilio:

- Recollida de lixo-ecotaxa: 1º, 2º, 3º e 4º trimestres de 2007.

- Axuda a domicilio: Meses de setembro e outubro de 2009.

- Abastecemento de auga: 3º trimestre de 2009.

Por medio do presente faise público que durante o prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ó da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto na Secretaría deste Concello, ó obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

O mesmo tempo establécese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Que unha vez esgotado procederase o seu cobro pola vía de construximento.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio Alcalde, polo prazo de dous meses, contados dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público.

Ribas do Sil, 23 de novembro de 2009.- O Alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 06413

—  
SAMOS

*Edicto*

Comunicase a apertura dun novo prazo de cinco días naturais para solicitudes de subvencións do Concello de Samos dirixidas a entidades e colectivos cidadáns sen ánimo de lucro para o exercicio 2009.

- Obxecto e finalidade da subvención: Actividades culturais e de ocio e actividades deportivas.

- Requisitos específicos que deben reunir os beneficiarios: Entidades e colectivos cidadáns sen ánimo de lucro. Si se trata de asociacións deberán estar inscritas no Rexistro da Comunidade Autónoma e no municipal de entidades cidadáns.

- Partida presupostaria: 4-489.00 do orzamento deste Concello para o 2009.

- Modelo normalizado de solicitude: O que figura como anexo I no BOP nº 38, de 17 de febreiro de 2005, de publicación da ordenanza xeral.

- Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Samos, Pz. España, s/n.

- Procedemento: Concorrenza competitiva.

- Area instructora do expediente: Secretaría.

SAMOS, a 24 de novembro de 2009.- O ALCALDE EN FUNCIONS, Licerio Luis López López.

R. 06415

*Edicto*

Aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión de data 20 de novembro de 2009, o expediente de modificación de créditos núm. 4/2009, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de SETENTA E OITO MIL OITOCENTOS SETE EUROS CON DOCE CENTIMOS (78.807,12 euros), financiado con cargo ó remanente líquido de Tesourería, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ao público, por prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Con-

cello, co fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que considérense pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

SAMOS, a 20 de novembro de 2009.- O ALCALDE EN FUNCIONS, Licerio Luis López López.

R. 06427

*Anuncio*

En uso da facultade que confíreme o artigo 112 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por resultar infructuosos os intentos de notificación individual procédese á citación para notificación, por comparecencia, mediante a publicación do presente anuncio no taboleiro de edictos do Concello do último domicilio coñecido do debedor e no Boletín Oficial correspondente.

A presente citación publícase co fin de requirir ao debedor para que compareza ante o Concello de Samos, no prazo de 15 días naturais, a efectos notificación da alta no padrón tributario da auga do Concello de Samos e de pagamento da débeda correspondente ao recibo de auga en período voluntario do exercicio 2008 e primeiro trimestre de 2009, advertíndolle que no caso de non comparecer para todos os efectos legais, o acto entenderase notificado dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado, procedéndose a iniciar a vía de apremio, cos recargos e intereses legais correspondentes.

Contra o presente acto, poderá formularse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, e con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Samos, dentro do prazo de 1 mes a partir do día seguinte da publicación.

NOME	IMPORTE 2008	IMPORTE 1º TRIM 2009
CASTEDO GARZA, JOSE	38.52 EUR	8.02 EUR
DIAZ SANGUIÑO, JUAN	38.52 EUR	8.02 EUR
IGNACIO MARTINEZ, JOSE	50.93 EUR	11.02 EUR
LAFUENTE BARRAL, SANTIAGO	38.52 EUR	8.02 EUR
MONTERO FUENTES, JUAN FRANCISCO	38.52 EUR	8.02 EUR
RODRIGUEZ CAPON, JOSE	38.52 EUR	8.02 EUR
RODRIGUEZ PONCE, JOSEFA	38.52 EUR	8.02 EUR

En Samos, a 19 de novembro de 2009.- O Alcalde en funcións, Licerio Luis López López.

R. 06428

*SARRIA**Anuncio*

Polo Pleno do Concello de Sarria en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 12 de novembro de 2009, adóptanse, entre outros, o seguinte acordo que se publica na súa parte dispositiva de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 30/92:

“O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo a contratación da subministración eléctrica aos edificios e servizos municipais que se relacionan no anexo número

I deste acordo, aos efectos da súa contratación centralizada ou conxunta con outros municipios da provincia.

A delegación alcanza a todos actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, manténdose a titularidade municipal das respectivas subministracións, de tal forma que os respectivos contratos de subministración formalizaranse entre a empresa adxudicatária e o Concello.

Segundo.- O Concello obrígase a formalizar o contrato coa empresa comercializadora que resulte adxudicatária da contratación centralizada efectuada pola

Deputación Provincial, nos términos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas económico administrativas particulares e de prescricións técnicas, e ao cumprimento estrito de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.

Terceiro.- A Deputación Provincial poderá exercer a competencia delegada, nos términos do parágrafo primeiro deste acordo, mediante a tramitación do expediente de contratación da subministración de electricidade de forma centralizada ou conxunta ou, no seu caso, mediante os acordos marco aos que, por este acordo, se considera adherido este municipio, sen prexuízo de calquera outra forma de selección do contratista que estime oportuno.

Polo demais, o réxime xurídico do exercicio da delegación aterase a canto se establece na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración Local de Galicia e na Lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico.

Cuarto.- A duración do contrato será de dous anos prorrogable anualmente, cun máximo total de catro anos.

Quinto.- O presente acordo deberá publicarse no Boletín Oficial de Provincia, en cumprimento de canto se establece polo artigo 13 da Lei 30/1992.

Sexto.- Facúltase ampla e expresamente ao señor Alcalde-Presidente para que, en nome e representación do Concello, asine o correspondente convenio no que se formalice a delegación de competencias acordada."

Sarria, 19 de novembro de 2009.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 06397

## TABOADA

### ANUNCIO DE COBRANZA

Exposición pública do padrón de contribuíntes de suxeitos á PADRON DE AUGA/SUMIDOIROS correspondentes a remesa: AUGA/SANEAMENTO 1TRIM 2008 e pertencentes ao período impositivo do ano 2008.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (PRAZA GENERAL MUINELLO, S/N).

#### PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN.

Durante o prazo comprendido entre 16 de novembro de 2009 ata 18 de xaneiro de 2010 ou inmediato hábil posterior se aqueles foran festivos), procedera-se ó cobro en período voluntario da cota do padrón citado. Dita cobranza efectuarase en: BANCO PASTOR.

Contra o precedente acto, que pon fin á vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñerse:

1º) Ou ben, o recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que dictou o presente acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

2º) Ou ben, directamente reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

No primeiro caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun mes, conforme co establecido no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo entón os interesados interpoñer reclamación económica-administrativa no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da desestimación presunta, consonte ao establecido no artigo 235 da Lei Xeral Tributaria.

No segundo caso, se deberá notificar a resolución no prazo dun ano (seis meses no caso de ser procedemento abreviado), entendéndose desestimado de non resolverse en prazo, podendo o interesado presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da desestimación presunta, de conformidade ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998 da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## NOTA INFORMATIVA

Normas de procedemento para o ingreso dos tributos municipais de cobro periódico por recibo do CONCELLO DE TABOADA

1.- O Concello remitirá aos domicilios fiscais dos contribuíntes un aviso de pagamento co que se deberá efectualo ingreso en calquera das oficinas das entidades de depósito autorizadas para a prestación do servizo de colaboración na xestión recadadora municipal, ata a data límite de ingreso que se sinala naquel, no horario de caixa establecido por cada entidade para o pagamento dos recibos non domiciliados.

Unha vez efectuado o ingreso polo importe total que se ten que pagar, o exemplar para o interesado seralle devolto a éste, o cal, debidamente dilixenciado, constituirá o xustificante de pago para tódolos efectos.

